

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 29 DE SETEMBRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintenove de setembro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don Anxo Collarte Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 22 de setembro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.- Solicitude de información urbanística interesada por **Don Francisco J. Moldes Calvelo** con domicilio na rúa Santa Virgilia nº 1, 1º 2, Madrid, con número de rexistro de entrada 5565. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 23.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito na estrada N-120 Vella, nº 9, Ventosela, a solicitude de Don Francisco J Moldes Calvelo de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

2.- Solicitude de información urbanística interesada por **Don Jaime Moreda Quiroga** con domicilio na rúa do Piñeiral nº 13, 3º esquerda, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 4912. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte e visto o correspondente informe técnico de data 23.09.08 a Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel sobre o lugar sito no paraxe denominado “A Carantoña”, As Chavolas- O Seixo, a solicitude de Dona Celsa González Martínez de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

CALIFICACIONES DEFINITIVAS.-

“Visto o expediente a nome de **Dona Maria de los Angeles Alonso Ríos**, con domicilio no na rúa Salgado Moscoso nº 15, relativo á subvención para actuacións na área de rehabilitación do casco histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Salgado Moscoso nº 15, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.000 euros, e da Consellería de Vivenda por importe de 5.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo”.

ACOMETIDAS DE AUGA.-

“Visto o escrito presentado por **don Eduardo Rodríguez Gallego**, con domicilio na rúa Salgado Moscoso nº 1, baixo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Prol Conde**, con domicilio na avda. Rodríguez de la Fuente nº 1, 4ºE, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Manuel Puga Alonso**, con domicilio na avda. Rodríguez de la Fuente nº 1, 5ºB, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Antonio Domínguez Lorenzo**, con domicilio na avda. Rodríguez de la Fuente nº 1, 2ºB, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola

empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **dona Edita Oliveira González**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 32, 1 dcha, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **dona Carmen Cubela Alvarez**, con domicilio na avda. Rodríguez de la Fuente nº 1, 4ºE, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **dona María Lucrecia Rodríguez Garcia**, con domicilio na rúa Manuel de Castro nº 8, 1ºD, Vigo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmovible sito na rúa Abaixo nº 16, B, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **don Benigno Matilde Cordoba**, con domicilio na avda. de Redondela nº 4, 1ºE, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **don José Ramon Rodríguez Bascoy**, con domicilio na rúa Progreso nº 62, 1º, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga

para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso varios (temporal), que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

“Visto o escrito presentado por **Galicia Autoestampaciones S.A.U.**, con domicilio no parque empresarial de San Cristovo, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

- Da Delegación Provincial da Conselleria de Cultura e Deporte, subvención por importe de 6.000 euros para a realización de actividades culturais.

- Do Xulgado Contencioso-administrativo núm. 1, Sentencia do recurso contencioso-administrativo nº 136/2004.

- Da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, comunicando concesión de axuda de 7000 euros para traballos de decoración da biblioteca municipal, dentro da campañas bibliotecas ilustradas.

- Do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sala do Contencioso-administrativo, Sentencia do recurso contencioso-administrativo nº 4541/2002.

-Da Secretaria Xeral do Benestar, comunicando a concesión de subvención destinadas a prestación de servizos sociais polas Corporacións Locais, anualidade 2008, por importe de 75.316,95 euros.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

GASTOS E FACTURAS VARIAS.-

“Vistas as facturas e demais documentos xustificativos das prestacións que se expoñen á fiscalización conforme da Intervención municipal e considerando que, existe crédito orzamentario no orzamento de gastos para o exercicio 2008, a Xunta de Goberno

Local, por unanimidade dos asistentes, e en uso das facultades en canto á xestión do gasto conferidas polo RD Lexislativo 2/2004 e RD 500/1990, delegadas pola Presidencia, acorda:

Primeiro.- Convalidar a aprobación das facturas realizadas por Resolución da Alcaldía e que seguido relacionanse:

SOCIEDADE GALEGA DE MEDIO AMBIENTE, tratamento de Residuos Sólidos Urbanos na Mancomunidade do Ribeiro, mes de xuño, por importe de 8.136,42 euros.

CONGALLE S.L., servizo de recollida de residuos sólidos urbanos no municipio, mes de maio, por importe de 7.054,47 euros.

Segundo.- Comunicar este acordo e ordenar aos servizos de Intervención e Tesourería a súa contabilización e pago”.

ADXUDICACION DA OBRA DENOMINADA “EXCAVACION DA TERRAZA INTERMEDIA DO CASTELO DOS SARMIENTO”

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade a obra “EXCAVACION DA TERRAZA INTERMEDIA DO CASTELO DOS SARMIENTO””, segundo proxecto redactado polos arquitectos Don Miguel A. Calvo Salve e Dona Maria Jesús Blanco Piñeiro, e con data de acta de replanteo de xullo de 2008.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó vintedous de setembro de 2008, presentándose as seguintes empresas: NORVIAL S.L..

Rematado o prazo de presentación de proposicións presentáronse as devanditas empresas constituíndose a mesa de contratación o 29.09.08, transcribíndose a continuación a proposta presentada pola empresa Norvial S.L., valoración e proposta de adxudicación provisional da referida mesa de contratatación:

“PROPOSICIÓN NÚM. 1, subscrita por NORVIAL S.L., cuxa oferta económica e a seguinte:

- Oferta económica:199.999,83 euros.
- Programa de control interno de calidade: Presenta documentación adxunta.
- Programa de traballo e protección ambiental:Presenta documentación adxunta.
- Mellora das condicións estéticas e funcionais: Propón melloras nas condicións estéticas e funcionais que se adxutan na documentación aportada sen valoración económica.
- Redución do prazo da obra respecto a proxecto: O prazo ofertado para a execución da obra é de 3 meses.
- Prazo de garantía e asistencia técnica: O prazo ofertado é de 24 meses.

A continuación, os integrantes da Mesa de Contratación, procede valorar as proposicións presentadas, de acordo cos criterios que figuran no prego de cláusulas administrativas, e que son os seguintes:

- a) Programa de Control Interno de Calidade: ata un máximo de 2 puntos.

- b) Programa de traballo e protección ambiental: ata un máximo de 4 puntos.
 c) Proposta de redución de prazos: ata un máximo de 2 puntos.
 d) Maior prazo de garantía contado dende o prazo mínimo establecido legalmente: ata un máximo de 2 puntos.
 e) Melloras: ata un máximo de 8 puntos.

LICITADOR	a) s. / 2 CONTROL	b) s. / 4 PROG. TRABALLO	c) s. / 2 PRAZO	d) s. / 2 GARANTÍA	e) s. / 8 MELLORAS	TOTAL
NORVIAL S.L.	1	2	0	1	1	5

Concluído o acto de apertura de proposicións e en base o resultado da valoración, a Mesa de Contratación propón ao órgano de contratación a adxudicación provisional en favor da empresa licitadora NORVIAL S.L. por tratarse da máis vantaxosa para os intereses do Concello de Ribadavia, tal e como resulta do informe de valoración que se adxunta”.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade os seguintes acordos:

- 1-Adxudicar provisionalmente a obra denominada “EXCAVACION DA TERRAZA INTERMEDIA DO CASTELO DOS SARMIENTO” a empresa Norvial S.L., con domicilio na estrada de Madrid nº 150, 36318, Vigo.
- 2-O abxudicatario presentara unha fianza definitiva por importe de 10.000 € na tesourería municipal, en calquera das formas admitidas en dereito, no prazo de 15 días naturais a partir da recepción do acordo.
- 3-O abxudicatario debera de presentar xustificantes de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e da seguridade social no prazo de 5 días computados a partires da notificación do acordo de adxudicación.
- 4-A formalización do contrato realizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de abxudicación definitiva, facultándose ao Sr Alcalde para a sinatura do mesmo.
- 5-Nomear como técnico director da obra aos arquitectos Don Miguel Angel Calvo Salve e Dona Maria Jesús Blanco Piñeiro.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aproba-lo proxecto, ó obxecto de solicita-la correspondente subvención o abeiro da Orde do 21 de agosto de 2008, da Consellería de Traballo, pola que se convocan para o ano 2008 as axudas e subvencións para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local no ámbito da colaboración coas entidades locais.”

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO